

BASES REGULADORAS DAS CARREIRAS DA FEIRA DO POLDRO E GANDO DO MONTE

As carreiras preséntanse cos seguintes obxectivos:

- Dinamizar o galdo cabalar
- Promover a exposición dos animais
- Promover o turismo no Concello de Muras
- Promover a compra e venda de gando tanto de residentes como de visitantes.
- Apostar pola profesionalidade do sector equino, indentivando a participación e calidade dos asistentes.

PARTICIPANTES

Nas carreiras da “Feira do Poldro e Gando do monte” do Concello de Muras poderán participar todos aqueles propietarios que desexen formar parte do acontecemento. Os animais serán divididos en sección por un xurado, facendo máis igualitaria a competición.

Haberá dúas carreiras: unha tradicional clasificada por alzadas e outra profesional dividida por razas equinas.

Os participantes teñen que ter os animais debidamente documentados no momento de presentar a inscrición de participación.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Os corredores participantes farán a solicitude ao Concello de Muras e entregarana totalmente cumprimentada no periodo comprendido entre o 6 de setembro ata a mañá do día 22 de setembro de 2019, dende a apertura da feira ata as 14:00 horas.

A inscrición será totalmente gratuita.

NORMAS DE PARTICIPACIÓN

Os participantes neste concurso exposición comprométese a cumprir os seguintes requisitos:

- Inscibir o animal no horario establecido.
- Deberán presentar os seus animais debidamente documentados.
- Deberán presentar o seguro de responsabilidade civil.
- Deberán presentar os animais en pista equipados para a carreira, e deberán gardar a maior distancia de seguridade posible ó resto dos participantes.
- En caso de incumprimento será excluído da carreira.
- Os animais serán divididos en sección por un técnico, facendo máis igualitaria e obxectiva a competición.
- Nin os animais nin os xinetes inscritos na sección profesional poderán participar na sección tradicional.



- Os donos dos animais gañadores recibirán o premio correspondente a súa sección.
- A organización non se fará responsable dos danos ocasionados polos cabalos.
- A decisión do xurado será irrevogable.
- O Concello, como entidade organizadora resérvase o dereito de admisión á feira.

DATA

A presentación da carreira celebrarase ás 15.30 foras do día 22 de setembro, xa que a primeira carreira, que é a tradicional, se levará a cabo ás 16.00 horas.

XURADO E CLASIFICACIÓN

O xurado estará composto por:

- Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue.
- Vicente Cebreiro Cocheteux, veterinario
- Benigno Gómez Carballeira, presidente da asociación ATILA

A carreira profesional correrá a cargo da asociación Jockey Club Galicia.

PREMIOS

Os animais clasificaránse por alzadas: maíos de 1,50m. ou menor de 1,50m.

Os premios aos que aspiran os participantes da carreira tradicional son:

*Cabalos de mais de 1,50m.

- 1º premio: 125,00€
- 2º premio: 90,00€
- 3º premio: 75,00€

*Cabalos de menos de 1,50m.

- 1º premio: 125,00e
- 2º premio: 90,00€
- 3º premio: 75,00€

Os premios da carreira profesional correrán a cargo da asociación Jockey Club Galicia.

VANTAGES DE PARTICIPAR

*Para as gandarías e propietarios

- Contarán con promoción gratuita da carreira e dous seus animais podendo alcanzar novos éxitos.
- Os animais serán xulgados por profesionais do sector.
- O Concello proporcionará aos participantes a inscrición gratuita.

*Para os visitantes asistentes

- Poderán gozar da carreira, coñecendo os animais e gandarías participantes.
- Favorecerase a compra venda.



ACEPTACIÓN DAS BASES

Unha vez firmada a solicitude de participantess aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.

PUBLICACIÓN DAS BASES

As bases publicaranse no BOP de Lugo, la páxina web do Concello www.muras.gal, e acompañarán cada instancia de inscrición.

Muas, a 6 de setembro de 2019

A Alcaldesa acctal.

